



TAXA POR LICENZA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1.- Fundamento e Natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88 de 28 de decembro, Reguladoras das Facendas Locais, este concello establece a "Taxa por licenza de apertura de establecementos", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 58 da citada Lei.

Artigo 2. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade municipal, tanto técnica coma administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes Ordenanzas e Regulamentos Municipais ou Xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura a que se refire o art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
2. A tal efecto, terá consideración de apertura:
 - a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo as súas actividades.
 - b) A variación ou ampliación da actividade desenvolada no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
 - c) A transmisión da licenza de apertura, para desenvolver no mesmo local, idéntica actividade, con distinto titular.
3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil, toda edificación habitable, esta ou non aberta ó público que non se destine exclusivamente a vivenda e que:
 - a) Se dedique ao exercicio dunha actividade empresarial, fabril, artesá, da construción, comercial e de servizos que estean suxeitos ó Imposto sobre Actividades Económicas. Sen embargo non alcanza o gravame os locais ocupados por profesionais.
 - b) Aínda sen desenvolver aquelas actividades sirvan de auxilio ou completo para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos como por exemplo: Sedes sociais, axencia, delegacións, sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos, estudos,...



Artigo 3.-Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 33 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou no seu caso se desenvolve en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4.- Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores de Sociedades e os Síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- A cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa que variará segundo a natureza da actividade a desenrolar, de acordo coas tarefas seguintes:

-Bancos, Caixas de Préstamo e Bancas	1.803'04€
-Administracións de automóbiles de liña regular	601'01€
-Fábricas de conservas, salazóns e carnes	150'25€
-Fábricas de ladrillos ou similares	601'01€
-Almacéns ao por maior de tecidos	300'51€
-Hoteis e Restaurantes	300'51€
-Xoierías, praterías, bazares e ferraxerías	300'51€
-Teatros e cinematógrafos	450'76€
-Venda de tecidos ao detalle	150'25€
-Mercadorías e paqueterías	150'25€
-Sombreirarías e camiserías	150'25€
-Moblarias e electrodomésticos	300'51€
-Cafetarías, bares e fondas	150'25€
-Casinos e círculos de recreo	1.051'77€
-Pastelarias e confeitarias	150'25€
-Panadarías	150'25€
-Carnizarías	150'25€
-Talleres de carpintaría, ebanistaría e carpintaría metálica	150'25€
-Talleres de xastrarías e modista	90'15€
-Casas de comida, taberna, bodegóns e similares	90'15€
-Oficinas e despachos de carácter comercial e profesional	150'25€
-Tendas e comercios de mobles usados	150'25€
-Tendas e comercios de roupa usada	150'25€



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

-Talleres de zapataría, ferrería e análogos.....	60'10€
-Talleres de hoxalatería.....	60'10€
-Talleres de fontanaría.....	150'25€
-Talleres mecánicos.....	150'25€
-Almacéns de materiais de construción.....	300'51€
-Serradoiros de madeira, industrias derivadas do mar.....	300'51€
-Fábricas de produtos derivados da madeira.....	901'52€
-Fábricas de mobles.....	300'51€
-Expendiduría en locais pechados de pan, galletas, verduras frescas, froitas e churrerías.....	60'10€
-Exposición e venda de automóbiles.....	300'51€
-Salas de festas, discotecas, pubs.....	1.051'77€
-Salas de xogo e de recreo.....	300'51€
-Perruquerías, salas de beleza e similares.....	150'25€
-Estacións de servizo.....	901'52€
-Supermercados.....	300'51€
-Grandes superficies comerciais.....	3.005'06€
-Tanatorios.....	300'51€
-Imprentas.....	150'25€
-Ximnasia.....	300'51€

Aplicaranse iguais tarefas, nos supostos de cambio de actividades no mesmo local e idéntico ton. Así como os casos de transmisión do titular da licenza, para exercer idéntica actividade, no mesmo local de negocios.

Artigo 6.- Exencións e bonificacións

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

1. Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imposible. A estes efectos entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna licenza de apertura, si o suxeito pasivo formulase expresamente, solicitude desta.

2. Cando a apertura tivera lugar sen ter obtido a oportuna licenza, a Taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar, si o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que pode instruírse para decretar o peche o a apertura do establecemento.

3.- Cando por causas non imputables ó suxeito pasivo, o servizo público ou actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

4.- A denegación de licenza ou a concesión desta por silencio administrativo positivo dará lugar á devolución do importe que no seu caso se tivera abonado en concepto de taxa. Nos supostos de renuncia ou desistimento do solicitante unha vez



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

concedida a licenza procederá a devolución do 50% do importe abonado.

Artigo 8.- Declaración e liquidación

Orixinado o feito impoñible pola petición da licenza, practicarase a liquidación correspondente da Taxa, que será abonado polo suxeito pasivo no momento de realizar a solicitude no Rexistro Xeral para o seu ingreso directo nas Arcas Municipais.

Artigo 9.- Infraccións e Sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no art. 77 da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final

A presente modificación entrará en vigor e comezará aplicarse o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto non se produza a súa modificación ou derogación expresa.

Foz, a 25 de xaneiro de 2.002

O Alcalde
José María García Rivera

BOP nº 32 de 7 de febreiro de 2.002